Quero ser investigadora

Universidade de Vigo



Laura Carballo Piñeiro

Edición
Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección
Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística
Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión
Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2026

D.L.
VG 190-2026

ISBN
978-84-1188-103-6

Autora das ilustraciones de portada
Alba Casanova

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

Laura Carballo Piñeiro

Chámome Laura Carballo.
Son dunha aldea chamada Ardán, en Marín.

Medrei nunha familia mariñeira e labrega.
O meu pai ía ao mar pescar.
A miña nai vendía o peixe.
Traballaban moito para coidar de nós.
Lembro momentos difíciles.
Pero tamén lembro cousas boas.

No verán ía á praia.
Poñía os pés na area.
Miraba o mar.
Agardaba a que meu pai volvese na súa barca.



Na casa comiamos moito peixe.
Mesmo cheguei a cansarme do polbo.
Co tempo entendín algo importante:
esas cousas sinxelas eran moi valiosas.



Fun a primeira da miña familia
en ir á universidade.
Estudei **Dereito**.
Quería aprender a defender ás persoas.

As mulleres da miña familia
foron o meu exemplo.
Eran fortes e loitadoras.

A miña avoa, por exemplo,
aprendeu a ler escoitando aos seus fillos.

Cando medrei, decidín unir a miña vida
co meu traballo.

Dereito

O dereito son as regras que todas as persoas deben cumprir para convivir en paz e con xustiza.

Estas regras indican:

- o que está permitido facer
- o que non está permitido facer
- e que pasa se alguén non cumpre as normas

Por exemplo:

— Non roubar

— Respectar ás demais persoas

O dereito tamén serve para:

- Protexer ás persoas
- Resolver conflitos
- Garantir dereitos (como a educación ou a liberdade)

En resumo:

O dereito axuda a que a sociedade funcione de forma ordenada e xusta.

Especialiceime no **dereito do mar**.
Viaxei a moitos países.
Traballei nunha universidade en Suecia.
Alí ensinaba a persoas de todo o mundo.
Cada persoa tiña unha historia diferente.
Pero todas estaban unidas polo mar.

Agora son decana dunha facultade
en Ourense, e axudo ao alumnado a:
• Entender o mundo
• Pensar como facelo máis xusto
• Respectar a todas as persoas

Investigar non é só ler libros.
Tamén é pensar e facer preguntas.
Observar a sociedade

Por exemplo:
— As normas son xustas?
— A quen axudan?
— A quen deixan fóra?

Dereito do mar

O dereito do mar son as normas que explican quen pode usar o mar, como se pode usar e que cousas están permitidas ou prohibidas.

Estas normas din, por exemplo:

- Que parte do mar pertence a cada país
- Onde poden pescar os barcos
- Como deben navegar os barcos
- Como se protexe o mar e os animais mariños

Tamén serve para:

- Evitar problemas entre países
- Coidar o medio ambiente mariño
- Garantir que o mar se use de forma xusta

En resumo:

O dereito do mar axuda a organizar o uso dos mares para que todos os países e persoas os usen con respecto e responsabilidade.

Eu estudo o traballo no mar.

Quero mellorar a vida das persoas que viven del:

- Mariñeiros
- Mariscadoras
- Peixeiras
- Redeiras

Tamén estudo por que hai máis homes no mar e máis mulleres en terra.

Isto non é casualidade.

Ten que ver coa desigualdade.

No mar hai un problema importante.

Ás veces non se respectan os **dereitos humanos**.

Hai persoas que sofren ou traballan en malas condicións.

Dereitos humanos

Os dereitos humanos son normas que protexen a todas as persoas.

Son iguais para todo o mundo:

- Non importa o país
- Nin a idade ou o sexo
- Nin a relixión

Algúns exemplos son:

- Dereito á vida
- Dereito á educación
- Dereito a ser tratado con respecto

Serven para:

- Protexer ás persoas
- Evitar inxustizas
- Garantir unha vida digna

En resumo:

Os dereitos humanos aseguran que todas as persoas poidan vivir con dignidade, liberdade e respecto.



O meu traballo é:

- Denunciar isto
- Buscar solucións

A investigación tamén ensina
algo importante:

Hai que escoitar ás demais persoas.
Non sempre temos razón.
Escoitar axuda a aprender.
E tamén axuda a mellorar o mundo.

Esta é a miña historia.

Unha historia que comezou nunha aldea

e chegou moi lonxe.

Universidade Vigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

FECYT
INNOVACIÓN